



DATOS IDENTIFICATIVOS

Educación: Teoría e historia da educación

Materia	Educación: Teoría e historia da educación			
Código	P02G120V01102			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicossocioeducativa			
Coordinador/a	Soto Carballo, Jorge Genaro			
Profesorado	Soto Carballo, Jorge Genaro			
Correo-e	hesoto@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/hesoto			
Descrición xeral	<p>A materia Teoría e Historia da Educación persigue que os alumnos e alumnas adquiran unha visión de conxunto dos principais fenómenos e problemas educativos referidos ó seu quefacer profesional, de xeito que poidan chegar a contempla-los procesos educativos como accións e feitos humanos que actúan coherentemente nun sistema social; permitindo ós estudantes analizar, relacionar e sintetiza-los distintos elementos que constitúen estes procesos. Desde esta perspectiva abórdase o estudo das bases fundamentais que fan posible a existencia dos fenómenos educativos desde unha vertente teórica e histórica: como actúan eses elementos dentro dunha cultura concreta, de que forma se relacionan dentro do sistema educativo, como evolucionan no transcurso do tempo, que mecanismos se poñen en funcionamento ó operar dun determinado xeito, en que sentido se pode afirmar que producen educación, etc.</p> <p>Os elementos que configuran o estudo teórico e histórico, non poden ser tratados como se estiveran illados, independentemente das estruturas -humanas, físicas ou sociais- de que forman parte, senón dun xeito integrado. O que se persigue nesta materia, é que o alumno saiba interpretar ó final de curso a realidade educativa nas súas dimensións teórica e histórica fundamentais; que desenvolva a razón e o sentido crítico ó estudia-la actividade escolar e outros procesos educativos; que saiba intervir pedagoxicamente sobre esa realidade e ter claro cal é o seu papel como maestro.</p>			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes

B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
B8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
B9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
B11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período 6-12 no contexto familiar, social e escolar
C2	Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionais e sociais
C5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseados na aprendizaxe de competencias
C9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan
C10	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e legislativos da actividade educativa
C11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula
C12	Abordar e resolver problemas de disciplina
C14	Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática
C15	Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturales
C17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en Educación Primaria
C19	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación
C20	Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas
C22	Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade
C23	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes de la sociedad actual que afectan a la educación familiar y escolar: impacto social y educativo de los lenguajes audiovisuales y de las pantallas; cambios en las relaciones de género e intergeneracionales; multiculturalidad e interculturalidad; discriminación e inclusión social y desarrollo sostenible
C24	Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar
C29	Recoñecer a mutua influencia entre ciencia, sociedade e desenvolvemento tecnolóxico, así como as condutas cidadás pertinentes, para procurar un futuro sostenible
C34	Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico
C62	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia
C64	Relacionar teoría e práctica coa realidade do aula e do centro
C65	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica
C66	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro
C67	Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes 6-12 anos
C68	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e da contorna social
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D5	Coñecemento de informática relativos ao ámbito de estudo
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D14	Razoamento crítico
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D20	Coñecemento doutras culturas e costumes
D22	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

1.- Analizar a evolución histórica das institucións educativas formais e non formais tendo en conta os condicionamentos sociais, políticos e normativos así como comprender o fenómeno educativo desde a Teoría da Educación	A1	B4	C1	D1
	A2	B5	C2	D2
	A3	B6	C5	D3
	A4	B9	C9	D5
	A5	B10	C10	D6
		B11	C11	D7
		B12	C12	D9
			C14	D10
			C17	D12
			C19	D14
			C20	D15
			C23	D16
			C24	D20
			C29	D22
		C34		
		C64		
		C65		
		C66		
		C67		
3.- Valorar a acción educativa do mestre de educación Primaria como un proceso de intervención profesional, o que supón explicar, xustificar e xerar pedagógicamente a súa intervención tanto desde os fundamentos teóricos da educación como desde os procesos históricos que a sustentan.	A1	B3	C1	D1
	A2	B5	C10	D2
	A3	B6	C15	D3
	A4	B7	C22	D7
	A5	B8	C24	D8
		B9	C62	D13
			C68	D14
				D15
				D22

Contidos

Tema	
Concepto, finalidades e sistemas en educación. Bloque 1	1.1. A educación como fenómeno social 1.2 O educador: O profesor como educador profesional: delimitación do ámbito propio de actuación. Preparación específica. Compromiso de actualización. O educador: Uns certos dereitos sociais. Autonomía na acción. Compromiso deontolóxico. As funcións docentes. A personalidade do profesorado. Patoloxía da profesión docente
O coñecemento científico da educación. Bloque 2	2. Os principios de educación. 2.1 O educando. O individuo como suxeto da acción. Motivación e necesidades educativas. O desenvolvemento cognitivo. O educando: O desenvolvemento social. O desenvolvemento moral. Os estilos de aprendizaxe. O autoconceito como dimensión personal. 2.2 A educación en valores
Axentes e institucións educativas. Bloque 3	3.1. Evolución histórica e novas perspectivas do Sistema Escolar. A escola de onte. Orixes e evolución histórica da Educación Escolar. A escola d noso tempo. O sistema educativo español actual. A escola do futuro . Novos plantexamentos educativos formais 3.2. A comunidade educativa. Os escenarios da educación: A educación non formal. Orixe e evolución da Educación non formal. Áreas de actuación e axentes da Educación non formal. Os métodos e medios da Educación non formal. 3.3. A familia de hoxe en día. Familia e sociedade. A educación familiar.
Teorías educativas contemporáneas. Bloque 4	Teorías e métodos. 4.3. As Teorías Marxistas. 4.4. As Teorías antiautoritarias. 4.5. A Educación Personalista. Teorías e modelos. 4.6. O Modelo Crítico. 4.7 O enfoque comunicativo. 4.8. O modelo da reprodución social.
Historia de la Educación Primaria. Bloque 5	Rousseau y el origen del naturalismo. El ideal rousseauiano. La Escuela Nueva y la Escuela Moderna

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	15	31.5	46.5
Resolución de problemas de forma autónoma	7.5	11	18.5
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	0	10	10
Lección maxistral	30	45	75

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Os traballos de aula (traballos monográficos) terán como cometido a iniciación á investigación. Estes traballos versarán sobre unha temática previamente aportada polo profesor e relacionada coas temáticas dos bloques de contido.
Resolución de problemas de forma autónoma	O profesor ofertará ó alumnado unha escolmna de textos. O alumno pola súa banda elixirá entre os textos ofertados. Consistirá nun análise crítico-reflexivo relacionado coas temáticas traballadas dentro dos contidos. Asimismo dentro da resolución de problemas e/ou exercicios abordarase a visualización de vídeos susceptibles de enriquecer a materia e completetar á información e os contidos que se desenvolvan nas clases.
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Os alumnos pola súa banda, coa oportuna orientación do profesor, afondarán en cuestións concretas que non foran abordadas máis que dun xeito moi xenérico na exposición deste e que sexan susceptibles de tratamento de estudio recorrendo ós soportes documentais e bibliográficos pertinentes. O alumno realizará procuras documentais e bibliográficas para a maior comprensión dos bloques de contido. Neste sentido, apoiarse nas fontes e bases de datos especializadas tanto da biblioteca da nosa universidade como doutras fontes atopadas a través de internet.
Lección maxistral	As leccións que conforman o temario desta materia serán elaborados e presentados de maneira expositiva ó grupo de clase polo profesor. O profesor centrará a súa exposición, preferentemente, nos aspectos nucleares de cada unidade didáctica, procurando ofrecer de maneira condensada a información esencial que posibilite obter unha visión panorámica ou de síntese de cada tema, delimitando os conceptos, as ideas e os argumentos nel implicados e imbricándose cos demais do programa a fin de lograr unha integración dos módulos de contido e dos aspectos estruturais que conforman o corpus cognitivo da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada ten por obxectivo facer o seguimento da evolución do alumno e apoiar o seu traballo dentro da asignatura. O profesor abordará aqueles aspectos que precisen de reforzo, asesoramente e guía para que o alumno acade os obxectivos marcados para esta materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	O traballo monográfico consiste na investigación sobre aspectos relevantes da educación primaria. Serán avaliados tendo en conta a calidade das aportacións, o seu formato axustado ós estándares científicos o mesmo que as exposicións monográficas que serán avaliadas tendo en conta a capacidade expositiva diante da clase, o contido e a preparación dos materiais pertinentes de aportar calidade a á materia	20	A1 B8 C1 D1 A3 B11 C10 D2 A4 C24 D3 C64 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D22
Resolución de problemas de forma autónoma	O profesor propondrá traballos sobre contidos específicos (dossier) que aporten actualidade, reflexión crítica ás temáticas traballadas nas clases. Trátase, mediante o traballo personal e reflexivo, de afondar nos eidos da labor educativa que máis valor teñen no seu quefacer profesional futuro	10	A1 B8 C1 D1 B11 C17 D2 D5 D9 D13 D15 D16 D22

Lección maxistral	As sesións maxistrais serán avaliadas mediante unha proba. Dita proba avaliará as competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de maneira directa e breve en función dos coñecementos que teñen sobre a materia.	70	A1 B8 C1 D1 B11 C17 D2 D3 D5 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D22
-------------------	--	----	--

Outros comentarios sobre a Avaliación

A cualificación final da disciplina resultará da integración das distintas notas. Deberán ser superadas todas as partes para poder obter unha cualificación positiva. O alumno que non realice todas as actividades de avaliación obterá unha cualificación final de SUSPENSO. En xullo avaliarase mediante un exercicio escrito, a entrega dun traballo monográfico e o dossier feito na clase. Tanto a calificación dos traballos derivados da resolución de problemas, é dicir, contidos específicos (Dossier) como a calificación dos traballos de aula (traballo monográfico) feitos no seu momento durante o curso, seguirán vixentes na segunda convocatoria ou convocatoria extraordinaria.

Os non asistentes terán un exame escrito final de toda a materia e a entrega dun dossier ou monográfico sobre unha temática específica propia da materia. As datas de exámenes se pueden consultar na web de la facultade no apartado de Docencia (exames). <http://fcced.uvigo.es/gl/docencia/exames>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Emilia Domínguez Rodríguez, **Teorías e institucións contemporáneas de la educación**, Ariel educación, 2008

María del Mar del Pozo Andrés (coord.), **Teorías e institucións contemporáneas de educación**, Biblioteca Nueva, 2004

SARRAMONA, J., **Teoría de la educación. Reflexión y normativa pedagógica.**, Ariel Educación, 2000

COLOM, A. J.; BERNABEU, J.L.; DOMÍNGUEZ, E.; SARRAMONA, J., **Teorías e Institucións contemporáneas de la educación**, Ariel Educación, 1997

Delors, J., **La educación encierra un tesoro**, Santillana-UNESCO, 1996

Bibliografía Complementaria

Faure, E., **Aprender a ser**, Alianza Universidad, 1981

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Non hai cambios respecto á guía docente inicial.

Traballos tutelados.- Co cometido de iniciación a investigación. Relacionados coa temática da materia.

Resolución de problemas de xeito autónomo.- Consistirán na realización dun análise crítico e reflexivo de texto ofertados relacionados co contido da materia.

Lección maxistral.- As leccións que conforman o temario da materia. O profesorado centrará a exposición, preferentemente, nos aspectos nucleares de cada unidade didáctica, apoiado de medios visuais e bibliográficos.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Non existen modificacións con respecto á guía docente, Si, en canto ao modo de realización da docencia, xa que se empregará a metodoloxía virtual.

A plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo (Moovi e Campus virtual) será o recurso para levar a cabo a actividade da materia.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

Realizarase atención, seguimento e apoio do alumnado a través dos sistemas de comunicación on-line facilitados polo UVIGO correo electrónico, Moovi e despacho virtual.

Modalidade de concertación: previa cita.

* Modificacións (se procede) dos contidos a impartir: Non hai modificacións respecto á guía docente inicial.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

Sumamos á existente inicialmente a que se refire:

Castejón Juan Luis & Navas Leandro (eds), Dificultades y Transtornos del aprendizaje y del desarrollo en infantil y primaria. Editorial Club Universitario (ECU). edición adaptada (2017)

Celestin Freinet. Técnicas Freinet da Escola Moderna. 1ª ed . Editorial Kalandraka. 2019.

Colom Anton , Dominguez Emilia, Sarramona Jaume. Formación básica para los profesionales de la educación. Barcelona. Editorial Ariel, S.A.

Francesco Tonucci. A cidade dos nenos. 1ª ed. De 11/2016 en galego. Editorial Kalandraka, 2016.

Francesco Tonucci. Cando os nenos din basta!. 1ª ed. 2016 en galego. Editorial Kalandraka, 2016.

Gonzalo Jover, Vincent González, Miriam Prieto. Una filosofía de la educación del siglo XXI. Editorial Síntesis, S.A, 2017.

Maria Montessori. Educación para un mundo novo. 1ª ed. 2016 en galego. Editorial Kalandraka, 2016.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas pendentes que se manteñen

Non existen modificación en referencia as mesma, SI en canto ao peso:

- Traballos monográficos tutelados (de 20% pasa a 25%)

- Resolución de problemas de xeito autónomo (Dossier) (de 10% pasa a 25%)

- Lección maxistral - Exame de preguntas curtas (de 70% pasa a 50%)

* Probas que se modifican

Traballos monográficos tutelados: a modificación correspóndese ao xeito de realizar a actividade, de forma virtual

Resolución de problemas de xeito autónomo (Dossier): non hai modificación

Lección Maxistral - Exame de preguntas curtas: exame de preguntas curtas a través do Campus Remoto e/ou Moovi.

* Información adicional:

A cualificación final da materia é continuada, coa integración das distintas notas, que deberán ser positivas.

No exame de xullo avaliarase mediante o exercizo escrito, a entrega do traballo monográfico e o dossier (calquera das partes xa resoltas de xeito positivo, materá vixente está situación na segunda convocatoria).

O o alumno/a que non teña realizadas todas as actividades de avaliación obtén a calificación de SUSPENSO.